XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ
R/ JUAN CASTRO MOSQUERA 28, 2ºB, Dcha.
15005 A CORUÑA

Asunto: *Remisión de escritos de recurso*
Interesado/a: *Miguel Ángel Delgado González*
Procedemento: *TR_7/2021*

O 31 de xullo de 2021 entraron na Secretaría Xeral de Medios dous escritos, un de recurso (2021/1855758) e outro de anexo ao recurso (2021/1857439), contra a resolución de data 28 de xullo de 2021, ditada no procedemento de solicitude de información pública TR-7/2021, presentados por Miguel Ángel Delgado González.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, regula as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública. Neste senso, establece que fronte as resolucións que se diten en materia de acceso á información pública cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, unha reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

De conformidade co artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, *"el error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter"*.

En consecuencia, infórmaselle que se da traslado á Valedora do Pobo dos escritos presentados, xunto coa documentación que os acompaña, para a súa tramitación como unha reclamación, de conformidade co citado artigo 28 da Lei 1/2016.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Complexo Administrativo de San Caetano
Edificio número 7
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 922
Mail secretaria.medios@xunta.gal
www.xunta.gal

Asinado por: GONZÁLEZ MURGA, ENRIQUE
Cargo: Subdirector Xeral de Réxime Xurídico
Data e hora: 01/09/2021 13:51:14

CVE: g6UqthWm63
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve